

Cultura 2.oct.2009

Comezan, da man da AGE, os trámites para constituir a Fundación Cultur.gal

XUNTANZA ▶ A industria cultural galega apostou por rescatar a feira, logo de que a Xunta lle negara o seu apoio

AGN • SANTIAGO

A industria cultural galega acordou onte pola mañá, nunha reunión celebrada en Santiago, comezar os trámites para constituir a futura Fundación Culturgal. Nesta xuntanza, estiveron todos os sectores profesionais que participaron na organización da edición anterior do festival, co fin de avaliar o anuncio da Consellería de Cultura e Turismo de non dotar de orzamento á edición deste ano, feito que imposibilita a súa realización.

A reunión, convocada pola Asociación Galega de Editores, buscaba unha liña de actuación conxunta de todos os sectores da cultura galega, na procura dun futuro sólido para o Culturgal, a Feira das Industrias Culturais Galegas.

Ao chamamento da AGE, acudiron representantes da Asociación Gálega de Productoras Independentes, Asociación de Empresas Galegas do Audiovisual e Asociación de Escritores en Lingua Galega. Outras asociacións que non puideron estar presentes, como Escena Galega ou Empresas Galegas adicadas a Internet, mostraron tamén o seu apoio á futura Fundación.